

Problemas de saúde

22 de Abril de 2020

Tempo estimado de lectura: 1 min

Autor: **Xanela Aberta á Familia**



Na etapa da adolescencia, problemas como o abuso de substancias aditivas, o fracaso escolar, as infeccións de transmisión sexual, a violencia física, o acoso, a depresión, os trastornos da conduta alimentaria e o embarazo precoz, poden limitar e minguar a saúde e a vitalidade.

No caso do adolescente con patoloxía crónica, o reto é aínda maior, ao ter que convivir coa súa enfermidade mentres se fai adulto. Ademais, tanto a inmaduridade como a toma de decisións equivocadas con relación á súa enfermidade ou o tratamento pode orixinar consecuencias negativas na súa evolución.



